

VIERNES, 23 de octubre de 2009

INÉDITOS CON FIRMA | LUCES

Vertixe

AGUSTÍN AGRA | 23 OCT 2009

A inocencia dunhas palabras. Que máis se necesita para que as fichas comecen a caer derrubándose unhas ás outras e te empurren cara ao abismo? Non foran máis que catro frases cruzadas ao azar nun recanto das escaleiras quebrando ese voto de intimidade que eu trataba de manter dun xeito tan celoso. Conversa inocente. Non alcanzo a recordar o seu contido; nin tan sequera cal foi a casualidade que nos levou a pronuncialas. Foron elas de seguro as que levaron a miña imaxinación a actuar pola súa conta, as que me achegaron á maxia dese soño que xamais me atreverei a contarche.

Descoñezo en que recuncho do subconsciente madureceu o metálico desartellado daquela cama, pero si que lembro de xeito nidio a covacha que formaba no seu centro o colchón, a causa de que estivésemos tan preto un do outro, deitados sobre un costado, enfrontando as nosas miradas.

Recoñezo que sempre tiveron querencia polas loucas ambigüidades que encerran os soños, unha desas contradicións que permitiron que fose certa a posibilidade de que, a un tempo, estiveses núa e non o estiveses. Que máis tiña? Eu ben sabía o que ti desexabas. Sabíao. Ambos coñeciamos con certeza os devezos do outro, o mesmo anxeio compartido. Deixei levar. Permitín que o desexo trabase en min e que a man esvarase preto da túa pel, sentíndoa sen tocala, achegándose de vagar cara á momura. Foi entón cando o inferno franqueou as súas portas. Non lle puxen tarabelo ao soño; pechei os ollos e deixei levar pola vertixe.

A vertixe. Non hai palabras para describir a vertixe. O infinito ceibo, liberado da súa promesa. A tenrura a encher o baleiro. A calor que de súpeto se instalou no canto da man, abrasándoa. A humidade e a calor concentradas arredor do meu dedo. O dedo. Aquel dedo, inmóbil, apreixado na dozura.

Cando abrín os ollos outra volta non tardei en percibir de xeito nidio a túa presenza, a túa ollada fixa sobre a cama dende a cadeira de brazos na que te acubillabas no fondo do cuarto, esculcando o escenario no que foras principal protagonista. Eras ti, sen dúbida, pero ao mesmo tempo non o eras. O teu rostro mudara non transcurso duns segundos, transfigurándose no de alguén descoñecido. Pero, malia a dificultade de te recoñecer naquela mirada silente, souben con certeza que non me estaba a equivocar; fora o teu o tacto daquela pel.

Non sei se a próxima vez que nos crucemos na escaleira, de atreverme a falarche, che contaría este segredo. Non sei se che diría que foi todo certo ou que non o foi -coido que nin eu mesmo o sei con seguranza-, que é todo unha ficción, unha ilusión que soñei esperto para podercha contar e que ti souberas o que se agocha na cerna dos meus soños. Que máis ten? O de menos é saber cal foi a verdade. Esperto ou durmido un soño é un soño, e non me importa tanto contarcho. O que realmente importa é o que, na realidade, podería acontecer entre nós. Ese sería o noso segredo.

O último libro de Agustín Agra é O recendo das mimosas (Xerais)